

CONVENIO ENTRE LA AGENCIA TURISMO DE GALICIA Y LA AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC) PARA LA CELEBRACIÓN DEL 11th INTERNATIONAL COLLOQUIUM COMPOSTELA PILGRIMAGES TO MARIAN SHRINES: A EUROPEAN HISTORICAL PERSPECTIVE A TRAVÉS del INSTITUTO DE ESTUDIOS GALLEGOS PADRE SARMIENTO (IEGPS).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), a través do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a celebración por parte da Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), a través do IEGPS, do 11th International Colloquium Compostela "Pilgrimages to Marian shrines: A European historical perspective", que terá lugar durante dúas xornadas e os participantes abordarán diferentes cuestións relativas ás peregrinacións aos santuarios marianos europeos entre os séculos XVI e XX.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, EN VIRTUDE DO DISPOSTO NO ARTIGO 1 DO Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago. Así mesmo, de conformidade co artigo 9 dos seus Estatutos, é a entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o



exercicio das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e á que lle corresponde directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turística do Camiño de Santiago.

Segundo.- O Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento (IEGPS) é un centro pertencente á Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), dedicado especialmente ao estudo do patrimonio galego, así como a súa difusión e divulgación científica a través de publicacións, congresos e actividades culturais.

Terceiro.- O CSIC, a través do IEGPS, en colaboración académica coa Commission Internationale d'Histoire et d'Études du Christianisme (CIHEC), ven organizando a celebración dos International Colloquia Compostela, reunións científicas especializadas, temáticamente centradas no análisis multidisciplinar das peregrinacións, prestándose constante atención ao fenómeno peregrinatorio xacobeo.

Cuarto.- En pasadas edicións, que xa contaron coa colaboración da Axencia Turismo de Galicia, este foro académico tratou temáticas como as relacións históricas entre peregrinación e política en Europa. Nesta anualidade e xa plenamente consolidado no panorama internacional, celebrará a súa décimo primeira edición co título *Pilgrimages to Marian shrines: A European historical perspective*.

Quinto.- Ambas entidades consideran de mutuo interés a colaboración na actuación obxecto deste convenio porque contribúe á divulgación e estudo do Camiño de Santiago, a través dun foro de investigación e estudo, con relevancia internacional.

Que a través deste convenio, outórgase á Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

